

TEMA 12. A TRANSICIÓN Á DEMOCRACIA E A ESPAÑA ACTUAL (DESDE 1975)

Plataxunta: Nome popular de *Coordinación Democrática*, organismo creado en marzo de 1976 por partidos e organizacións antifranquistas para restablecer a democracia en España. Naceu da fusión da Xunta Democrática, creada en 1974 polo PCE con Santiago Carrillo á fronte, e da Plataforma de Convergencia Democrática, establecida en 1975 e impulsada polo PSOE de Felipe González.

Lei para a reforma política (LRP): Lei aprobada polas Cortes franquistas e, tras a súa aceptación en referendo, promulgada en 1977 con rango de Lei Fundamental. Foi o instrumento legal que permitiu o paso da ditadura franquista a un sistema constitucional democrático dende a legalidade vixente (da lei á lei) e mantendo a paz social. Establecía que a democracia era a expresión da soberanía popular, que as Cortes serían elixidas por sufraxio universal e regulaba a futura convocatoria das primeiras eleccións xerais desde febreiro de 1936.

UCD: Siglas de *Unión de Centro Democrático*, a coalición de partidos fundada e liderada por Adolfo Suárez en 1977 e que aglutinaba ás forzas de centro-dereita. Tivo un papel destacado durante a Transición democrática, gañando as eleccións a Cortes constituíntes de 1977 e as xerais de 1979. Mantívose no Goberno ata 1982, primeiro con Adolfo Suárez e, despois da súa dimisión, con Leopoldo Calvo Sotelo. Disolveuse tras a derrota electoral de 1982.

Pactos da Moncloa: Acordos aos que chegaron sindicatos, partidos e organizacións empresariais en outubro de 1977 na residencia oficial do presidente de Goberno, Adolfo Suárez, no contexto da Transición española. Os asinantes comprometíanse a traballar a favor da estabilidade do país mediante a consolidación da democracia, a redución da conflitividade social e a adopción de medidas para superar a crise económica que se viña arrastrando desde 1973.